



LISTA DE ASISTENTES

EQUIPO DE GOBERNO:

Barcia Rodríguez, Ignacio
Blanco Pesqueira, Antonia
Costas González, Xosé Henrique
Estévez Toranzo, Margarita
Fernández Jáuregui, Manuel
García Vázquez, Xosé Manuel
Jato Rodríguez, M^a Victoria
Lameiras Fernández, María
Longo González, M^a Asunción
Mato de la Iglesia, Salustiano
Valeije Álvarez, M^a Inmaculada

DECANOS/DIRECTORES:

Araújo Nespereira, Pedro A.
Arias Sánchez, Pedro
Barreiro Alonso, Enrique
Caballero Rúa, Armando
De Lorenzo Rodríguez, Edita
De Miguel Palacios, Carlos Juan
Gutierrez Nieto, Manuel
López Díaz, María
Muñoz López, Luis
Noia Campos, M^a Camiño

PDI-A:

Alba Castro, José Luís
Cabeza Pereiro, Jaime
Fernández Souto, Ana Belén
González Cerdeira, Xulia
Grande Seara, Pablo
Graña Rodríguez, Ana María
Meana Martínez, Juan Carlos
Mejías Sacaluga, Ana María
Pereira Domínguez, Alejandro
Pino Juste, Margaritaa

PDI-B:

ESTUDANTES:

Sánchez Gálvez, Estevo
Vidal Rodríguez, Saleta

PAS:

Mollinedo Lois, Carlos
Pérez Gómez, Luís

CONSELLO SOCIAL:

Pérez Mato, Federico

SINDICATOS:

Fernández Fernández, Federico

DESCULPAN A SÚA AUSENCIA:

Alén González, M^a Elisa
Bienvenido Diez, José
Vila Alonso, M^a de las Mercedes

Acta da sesión ordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo, do 29 de marzo de dous mil once, convocada para as 9:30 horas en primeira convocatoria e ás 10:00 horas en segunda, na Sala de Xuntas da Reitoría.

O luns día **29 de marzo de 2011**, ás 10:00 horas, deu comezo a sesión ordinaria do Consello de Goberno co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do día 14 de febreiro de 2011.
2. Informe do reitor.
3. Aprobación, se procede, da convocatoria de axudas de investigación ano 2011.
4. Aprobación, se procede, da Normativa de admisión de estudantes con estudos universitarios oficiais de Grao, iniciados na universidade de Vigo ou noutra universidade.
5. Aprobación, se procede, da modificación da normativa sobre a libre elección e da normativa sobre materias optativas da Universidade de Vigo.
6. Aprobación, se procede, da proposta académica de curso de posgrao de “Especialista en Publicidade, Consumo y Marketing”.
7. Aprobación, se procede, do límite de prazas para o curso 2011/2012.
8. Aprobación, se procede, do encargo de docencia: Programación docente anual (PDA) para as Titulacións de Grao, Licenciaturas, Diplomaturas, Enxeñarías e Enxeñarías Técnicas para o curso 2011/2012.
9. Aprobación, se procede, das modificacións dos seguintes títulos de Grao: “Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos” e “Grao en Tradución e Interpretación”.
10. Aprobación, se procede, das modificacións dos seguintes títulos de Máster universitarios: Máster universitario en Enerxía e Sostenibilidade, Máster universitario en Tradución e Paratradución, Máster universitario en Aplicacións de Procesado de Sinal en Comunicacións e Máster interuniversitario en Técnicas Estadísticas.
11. Acordo sobre a implantación de novos títulos de Máster e Doutoramento para o curso 2012/2013.

12. Aprobación, se procede, do cambio de denominación do título propio “Graduado universitario en deseño textil e Moda”.
13. Aprobación, se procede, para a súa remisión ao Claustro, da proposta de creación do Departamento de Comunicación Audiovisual e publicidade.
14. Toma de acordo, se procede, sobre a solicitude de creación da Facultade de Comercio presentada pola E.U. de Estudos Empresariais e sobre a alegación presentada pola Facultade de CC. Económicas e Empresariais.
15. Aprobación, se procede, dos seguintes convenios: Convenio Marco de Colaboración entre a Universidade de Vigo e a Benemérita Universidad Autónoma de Puebla (México); Convenio Específico para o intercambio de estudantes entre a Universidade de Vigo, España e a Benemérita Universidad Autónoma de Puebla (México); Convenio Marco de Colaboración entre a Universidade de Vigo e o Instituto Superior Politécnico Gaya; Convenio Marco de Colaboración entre a Universidade de Vigo e a Universidad Veracruzana (México); Convenio Específico de Colaboración entre a Universidade de Vigo (España) e a Universidad Veracruzana (México); Convenio Marco de Colaboración entre a Universidade de Vigo e a Fundación Consorcio Ecuatoriano para el Desarrollo de Internet Avanzado (CEDIA); Convenio de Intercambio Académico entre a Universidade de Vigo, España e Research Institute of Electrical Communication, Tohoku University, Xapón; Convenio Específico de Colaboración para o intercambio de estudantes entre a Universidade de Vigo (España) e a Universidad Católica del Norte (Chile); Convenio Marco de Colaboración entre a Universidade de Vigo e a Universidad Mesoamericana del Golfo (UMAG); Convenio Específico de Colaboración entre a Universidade de Vigo (España) e a Universidad Mesoamericana del Golfo (UMAG) (MÉXICO) para o intercambio de estudantes; Convenio Marco e Colaboración entre a Universidade de Vigo e a Escuela Politécnica del Ejército (Ecuador).
16. Elección da Comisión de Estudos de Posgrao.
17. Elección da comisión de reclamacións a prazas de profesorado contratado.
18. Constitución da Comisión de Biblioteca.
19. Rogos e preguntas.

Punto 1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do día 14 de febreiro de 2011.

Apróbase por asentimento.

Punto 2. Informe do reitor.

O reitor informa das súas actuacións nas últimas semanas:

En primeiro lugar, das cuestións tratadas na última reunión do Consello Galego de Universidades, celebrada o 7 de marzo.

- Decidiuse que non se impartirían Masters con menos de 5 alumnos, en tanto que os que teñan entre 5 e 9 disporán dun prazo para modificar o seu plan de estudos e reconsiderar a súa viabilidade.
- Decidiuse non aprobar o Máster de Enxeñería Informática;

En segundo lugar, dos asuntos tratados na reunión do Consello de Universidades celebrada o día 17 de marzo, o reitor destacou as seguintes cuestións:

- Aprobáronse a saída ao BOE das convocatorias Innocampus e Campus de Excelencia Internacional. Engade que esta segunda convocatoria foi publicada no BOE do 26 de marzo de 2011. Nesta nova convocatoria, a UVIGO presentárase á modalidade “axudas de fortalecemento do CEI”.
- Continúa o Programa I3 de apoio consolidación aos investigadores Ramón e Cajal
- Aprobouse o modelo de contabilidade de custos para as universidades públicas españolas, cuxo obxectivo é o de mellorar a transparencia e eficacia financeira dos centros públicos. Este modelo de contabilidade está integrado na "Estratexia Universidade 2015".
- Aprobouse a creación dunha comisión mixta que, xunto á Conferencia Xeral de Política Universitaria, analice a gobernanza na Universidade. Nesta Comisión mixta están presentes 5 reitores da CRUE, sendo un deles o reitor da Universidade de Vigo.
- Respecto as Bolsas MEC decidiuse a conxelación dos ingresos máximos para o acceso ás bolsas, e a súa extensión a estudantes de formación profesional.
- Falouse de que na próxima reunión trataríase o incremento de taxas de matrícula, e das taxas dos estudos de doutoramento. Posiblemente non se proporán incrementos que vaian mais alá do incremento do IPC. A Universidade de Vigo defenderá a súa conxelación e, en todo caso, propondrá o Consello Galego de Universidades que o incremento se axuste ao mínimo que veña imposto desde Madrid.
- En relación ao Estatuto de PDI decidiuse a creación dunha Comisión mixta formada por representantes do Ministerio de Educación (4), da CRUE (4), dos Sindicatos (4) e das Comunidades Autónomas. Intentárase constituír o 1 de abril para tratar de sacar o Estatuto adiante e iniciar o trámite legislativo en xuño.

En terceiro lugar, o reitor informa sobre asuntos relacionados co Campus do mar:

- O vindeiro 1 de abril constituírase o Consello reitor, xa acordado cos promotores. Estará formado polos tres reitores das universidades galegas, o presidente do Instituto Español de Oceanografía e o presidente do CSIC.
- Tamén en abril aprobarase o modelo de gobernanza, a memoria de actividades, os programas específicos, o deseño de liñas orzamentarias 2011/2012, os equipos de goberno do Campus do mar, a proposta de creación do clúster e as liñas de investigación e colaboracións específicas.

O reitor informou ademais sobre os seguintes puntos:

- O contido da reunión de don Angel Gabilondo, Ministro de Educación, con representantes das universidades do norte de Portugal.
- O contido da reunión mantida con dona Cristina Garmendia, Ministra de Ciencia e Innovación.
- O contido da reunión mantida con don Felipe Petriz, Director Xeral de Universidades. Subliñou que foron tratados, entre outras cuestións, as liñas de traballo do Campus do mar, o desenvolvemento de parques científicos, as infraestruturas ligadas a investimentos, a programación estratéxica de emprego con INCORPORA, e outros temas relacionado coas necesidades estratéxicas estruturais da UVIGO.
- O nomeamento do Prof. Alberto Vaqueiro García como director da Área de descentralización en substitución de don Xoán Xosé Salgado González.

Por último, o reitor informou que, con motivo da nova creación da Escola de Enxeñaría Industrial, causou baixa como membro do Consello de Goberno o Prof. Luís González Piñeiro, a quen agradece moi especialmente o seu traballo e colaboración como director da Escola Técnica Superior de Enxeñeiros Industriais e como membro do Consello de Goberno. O reitor solicitou que constara en acta o seu agradecemento institucional.

Punto 3. Aprobación, se procede, da convocatoria de axudas de investigación ano 2011.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Investigación quen informa que a convocatoria de axudas á investigación proposta segue unha liña similar á do ano 2010. Sinala que foron tidas en conta as restricións orzamentarias, o que provocou que, nuns poucos casos, foran reducidos os importes máximos ofertados, se ben destaca que se mantiveron invariables, ou aumentaron lixeiramente, os importes das axudas orientadas á formación de investigadores: bolsas, contratos predoutorais e estadias de investigación.

Seguidamente, dá conta dos aspectos máis significativos que varían con respecto á convocatoria do 2010:

- Axudas a grupos de investigación. Mantiveronse 3 tipos de axuda (contratos-programa con grupos, grupos en formación e agrupamentos), todas elas de duración anual. Isto permitirá unha mellor adaptación ás posibles convocatorias autonómicas de axudas a grupos -pendentes aínda de definir pola Xunta- e a futura redefinición das axudas da nosa universidade en función da intensidade das axudas ofertadas por outras administracións. No caso dos contratos-programa simplificouse a convocatoria, marcando uns requisitos mínimos de composición de grupos, sen distinción de categorías.
- Axudas aos agrupamentos. Intensificouse o nivel desta axuda co gallo de incrementar o seu efecto incentivador.
- Axudas a proxectos internacionais de I+D. Ofértanse 2 modalidades: a primeira refunde as modalidades preexistentes orientadas á preparación de proxectos internacionais, considerando non só os proxectos do VII Programa Marco, senón outros proxectos internacionais de similar magnitude económica e complexidade. A segunda, de nova creación, é unha axuda á participación en redes internacionais non subvencionadas que podan facilitar a preparación de propostas de proxectos nesta mesma liña.
- Programa de bolsas e axudas á formación. Mantiveronse ás axudas á etapa de máster e de realización de tese doutoral, con maior énfase nesta última, e as axudas á formación en áreas de especial dificultade para formar doutores, simplificando o formato da convocatoria para facilitar o proceso de solicitude.
- Axudas para a mellora da calidade e internacionalización de revistas periódicas en formato electrónico. Considerase mais axeitado que sexan xestionadas polo Servizo de Publicacións. As Bolsas de formación en desenvolvemento sostible e xestión ambiental desaparecen da convocatoria de axudas á investigación, por non referirse a ningún centro de investigación da universidade, e a súa convocatoria será xestionada directamente pola OMA.

Como aspectos transversais, a vicerreitora de Investigación destaca os seguintes puntos:

- Nos criterios de concesión de todas as liñas de axuda buscouse o equilibrio entre ámbitos de coñecemento, de modo que os mellores candidatos de cada ámbito poidan ser adxudicatarios destas.
- Enfatizouse o compromiso por parte dos candidatos de solicitar tamén as axudas doutros organismos, autonómicos o nacionais, que para o mesmo fin poidan ser convocados, e a incompatibilidade de recibir á vez estas axudas e as da nosa universidade.
- Aclaráronse os criterios que se utilizarán para a selección dos candidatos a través do anexo I da convocatoria.
- Deuse prioridade ás solicitudes de investigadores en formación, por exemplo, nos casos de bolsas de viaxe e estadias de investigación.

Por último, a vicerreitora de Investigación sinala que a convocatoria foi aprobada previamente pola Comisión de Investigación na súa reunión de 17 de marzo de 2011.

Ábrese unha quenda de intervencións

Intervén o Prof. Armando Caballero para facer una valoración positiva da convocatoria e para solicitar que as axudas de bolsas de viaxe e estadias sexan o cen por cen para os investigadores en proceso de formación ou que na súa concesión se priorice o máximo esta condición.

Intervén o Prof. Alejandro Pereira para interesarse polas axudas á reparación dos equipamentos científicos e si estas poden solicitarse para mantemento preventivo.

Toma a palabra a vicerreitora de Investigación para responder que se priorizará o máximo posible que os destinatarios das bolsas de viaxe sexan os investigadores en formación.

Toma a palabra o reitor para dicir que se vai estudar a forma de que no contrato programa poda contemplarse o mantemento preventivo dos equipos, xa que a cobertura dese gasto non pode adoptar o formato de convocatoria, que ten que ver coa gobernanza dos centros.

Aprobase por asentimento

Punto 4. Aprobación, se procede, da Normativa de admisión de estudantes con estudos universitarios oficiais de Grao, iniciados na Universidade de Vigo ou noutra universidade.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Alumnado, Docencia e Calidade quen informa que a normativa foi aprobada pola COAP na súa reunión de 25 de marzo. Trátase dunha normativa que regula os traslados de estudantes de Grao a Grao procedentes tanto de titulacións doutras universidades como de titulacións distintas á cursada en orixe na Universidade de Vigo. Sinala que é unha norma sinxela e que as limitacións que contempla son as previstas nos diferentes Reais decretos. A última modificación foi establecida no Real Decreto 861/2010 de 2 de xullo (recoñecemento dun mínimo de 30 ECTS). A normativa fai unha salvedade ante posibles situacións que resulten afectadas polas normas de permanencia, que haberá que aprobar nos próximos meses. Subliña que se establece un número mínimo do 2% do total de prazas ofertadas

para traslados de novo ingreso en cada titulación en tanto que o número máximo déixase á criterio de cada Centro en función da súa capacidade e recursos.

O vicerreitor continúa explicando que esta norma só afecta a estudantes procedentes de estudos de grao, e que os alumnos doutros estudos tramitaranse polos canles ordinarios (CIUGA ou o que corresponda), coa excepción daqueles estudantes da nosa universidade que estean a cursar titulacións en vía de extinción. Remata recordando que os cambios de centro dentro da mesma titulación regúlanse nunha instrución de recente publicación.

Aprobase por asentimento. **Anexo I**

Punto 5. Aprobación, se procede, da modificación da normativa sobre a libre elección e da normativa sobre materias optativas da Universidade de Vigo.

O reitor cede a palabra o vicerreitor de Alumnado, Docencia e Calidade quen comeza explicando que a modificación está xustificada porque se daba a paradoxa de que hai estudantes cun número importante de materias optativas aprobadas pero que non poden optar ao depósito do título por non ter superadas suficientes materias de libre elección; e, por outro lado, porque a oferta de materias de libre elección é cada vez mais reducida debido á extinción das titulacións. Coas modificacións propostas aos artigos 11 (normativa sobre libre elección) e 22 (normativa sobre materias optativas) permítese ao estudante que no momento de finalizar os seus estudos poda solicitar no seu centro, dentro da mesma titulación, que unha materia optativa poda ser considerada como créditos de libre elección, e viceversa, isto é, que os créditos de libre elección podan considerarse optativos. Finaliza a súa exposición destacando que non se permite cunha mesma materia poda ser utilizada á vez como optativa e como libre elección.

Aprobase por asentimento. **Anexo II.**

Punto 6. Aprobación, se procede, da proposta académica de curso de posgrao de “Especialista en Publicidad, Consumo y Marketing”.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Alumnado, Docencia e Calidade, quen explica que a proposta académica do curso de posgrao foi informada favorablemente pola COAP na súa reunión de 25 de marzo.

Aprobase por asentimento.

Punto 7. Aprobación, se procede, do límite de prazas para o curso 2011/2012.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Organización Académica, Profesorado e Titulacións que comeza a súa exposición dicindo que o conxunto de graos que imparte a Universidade nos tres campus (26 en Vigo, 14 en Ourense e 11 en Pontevedra) manteñen para o vindeiro curso os límites de prazas que xa se estableceran para este curso, tanto naquelas titulacións que se imparten nos centros propios como nos adscritos. Sinala que hai unha excepción que é a de Ciencias Ambientais que, tal e como estaba previsto na súa memoria de grao, pasa de 40 a 45

prazas, e que a COAP non aceptou a proposta respecto á redución solicitada para o Grao en Ciencias do Mar que pasaría de 70 a 60 alumnos, xa que non hai argumentos académicos que avalen a redución. Engádese o feito de que a UVIGO acadara a mención de Campus do Mar aconsella ofertar as 70 prazas que figuraban na memoria. Tampouco se acepta a subida do límite de prazas solicitadas polos centros adscritos de enfermería.

Apróbase por asentemento o límite de prazas dos graos para o curso escolar 2011/2012. **Anexo III.**

Punto 8. Aprobación, se procede, do encargo de docencia: Programación docente anual (PDA) para as Titulacións de Grao, Licenciaturas, Diplomaturas, Enxeñarías e Enxeñarías Técnicas para o curso 2011/2012.

O reitor cede a palabra a vicerreitora de Organización Académica, Profesorado e Titulacións que sinala, en primeiro lugar, que se retira a proposta de aprobación da Programación Docente Anual de grao e se traslada a súa aprobación para o vindeiro Consello de goberno.

Respecto á Programación Docente Anual das Licenciaturas, diplomaturas, enxeñarías e enxeñarías técnicas, a COAP aproba as propostas chegadas dos centros, coas seguintes excepcións:

Non se admite a materia denominada “Gravitación e Cosmoloxía” para impartir como nova optativa na Licenciatura de Físicas (campus de Ourense). A COAP estima que dado o reducido número de alumnos non hai razón para unha nova materia optativa nesa titulación a extinguir.

Na licenciatura de Enxeñaría Informática no 5ª curso, hai dúas orientacións. Nun dos itinerarios, o centro propón unha nova materia optativa denominada “Servicios de rede” ligada a Area de Linguaxe e Sistemas informáticos en substitución de “Linguaxes Naturais” pola súa baixa demanda (0 alumnos no curso 2010/11). A COAP entende que non é necesaria a substitución e podería non ofertarse no vindeiro curso.

Ábrese una rolda de intervencións.

Intervén o Prof. Enrique Barreiro para opinar que non está de acordo coa solución adoptada pola COAP. Expón que a orientación non funciona ben cando a materia ten escasos alumnos, por iso se propón a substitución. Indica que é necesario ofertar 5 optativas para que os estudantes poidan ter a especialidade de “Sistemas de Información”.

En base aos argumentos anteriores, a vicerreitora dí que a proposta será reconsiderada pola COAP.

En canto a oferta de libre elección, a vicerreitora indica que con respecto á titulación de Informática cae a materia de “Arquitecturas avanzadas”, e propón que se aproben todas as demais propostas enviadas polos centros.

Apróbase por asentemento.

Punto 9. Aprobación, se procede, das modificacións dos seguintes títulos de Grao: “Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos” e “Grao en Tradución e Interpretación”

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Organización Académica, Profesorado e Titulacións para propoñer ao Consello de Goberno a posta en marcha dun curso ponte que permita aos diplomados en Relacións Laborais ou Graduado Social a obtención do título de Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos. Será un curso de 60 créditos ECTS e do que o vindeiro ano se ofertarán 20 prazas.

A vicerreitora tamén solicitou que se aprobase a supresión da proba de acceso de coñecemento de idiomas ao Grao en Tradución e Interpretación, quedando como únicos requisitos de matriculación os xerais establecidos para a Universidade.

Cédese a palabra ao Prof. Jaime Cabeza que di en relación ao curso ponte que é unha demanda corporativa bastante ampla para que os actuais diplomados podan acceder ao grao.

Toma a palabra a Prf^a Rosa Pérez (Decana do Centro) para explicar a proposta da Facultade de Filoloxía e Tradución relativa á supresión da citada proba de acceso.

Apróbbase por asentemento.

Punto 10. Aprobación, se procede, das modificacións dos seguintes títulos de Máster universitarios: Máster universitario en Enerxía e Sostenibilidade, Máster universitario en Tradución e Paratradución, Máster universitario en Aplicacións de Procesado de Sinal en Comunicacións e Máster interuniversitario en Técnicas Estadísticas.

O reitor cede a palabra a vicerreitora de Organización Académica, Profesorado e Titulacións que expón as modificacións e os tramites seguidos.

Aprobase por asentemento.

Punto 11. Acordo sobre a implantación de novos títulos de Máster e de Doutoramento para o curso 1012/2013.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Organización Académica, Profesorado e Titulacións quen expón que se trata dunha proposta do equipo de goberno para reorganizar os estudos de mestrado e doutoramento. Informa que na actualidade na Universidade de Vigo impártense 79 másters (35 de carácter profesionalizante e 44 de carácter investigador), que o número de alumnos de máster no curso 2010/11 é de 1710. Por ámbitos impártense 16 no ámbito científico, 13 en humanidades, 20 no tecnolóxico e 30 no xurídico-social. Ademais que a Consellería autorizou o envío a verificación de 9 novos másters o que fará un total de 88 másters no vindeiro curso 2011/2012; que o 10 de febreiro foi publicado no BOE o novo decreto de doutoramento que estrutura as ensinanzas universitarias en 3 ciclos: grado master e doutoramento.

A vicerreitora sinala que, ademais da obrigada adaptación normativa que se debe realizar, desde o equipo de goberno considérase que é o momento de facer unha análise e avaliación da oferta actual dos estudos de master e doutoramento. En consecuencia, propónse que no curso académico 2012/2013 non se implanten novos estudos de posgrao, agás que sexan froito das seguintes excepcións: unión/refundición da oferta xa existente na actualidade; estean ligados a competencias profesionais reguladas; sexan unha proposta de interese estratéxico para a propia Universidade; veñan adheridas a unha oferta interuniversitaria de claro interese ou formen parte dos posgraos Erasmus-Mundus.

Sinala que as propostas serían aprobadas polo Consello de Goberno e que o procedemento e o calendario serían aprobados pola Comisión de estudos de Posgrao.

Ábrese unha rolda de intervencións.

Intervén o Prof. Jaime Cabeza explicando unha proposta que se recolle no **Anexo IV**.

Intervén o reitor para dicir que xa se está a traballar na reorganización dos estudos de posgrao, tema que se espera poder levar ao Claustro o próximo outono.

Apróbase por asentemento. **Anexo V**.

Punto 12. Aprobación, se procede, do cambio do título propio “Graduado universitario en deseño textil e moda”.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Organización Académica, Profesorado e Titulacións que tras facer unha exposición dos antecedentes da creación do título propio, e pese a estar en marcha o cambio da denominación de dito título, recibíuse unha recomendación do Vicevaledor do Pobo para axilizar o proceso, por todo elo propón ao Consello de Goberno o cambio de denominación do título propio Graduado Universitario en Deseño Téxtil e Moda polo de Titulado Superior en Deseño Textil e Moda.

A vicerreitora informa que de ser aceptada a nova denominación pasaría a ter efectos a partir do vindeiro curso académico 2011/2012, e consultaríase coa Sección de Títulos e coa asesoría xurídica cales serían os posibles efectos retroactivos para anos anteriores.

O reitor toma la palabra para dicir que os cambios na denominación do Título propio xa estaban en marcha antes do escrito do Vicevaledor do Pobo facendo a recomendación e así se recolle na resposta da vicerreitora de Profesorado.

Apróbase por asentemento.

Intervén o prof. Jaime Cabeza para solicitar a creación dun Comité de Ética para afrontar situacións e feitos que poñan en cuestión a reputación da Universidade de Vigo.

Punto 13. Aprobación, se procede, para a súa remisión ao Claustro, da proposta de creación do Departamento de Comunicación Audiovisual e Publicidade.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Organización Académica, Profesorado e Titulacións quen expón a proposta de creación do Departamento de Comunicación Audiovisual e Publicidade. Dá conta da documentación que obra no expediente, memoria, número de profesores que avalan a petición, e o acordo do consello de departamento no que se aproba a segregación (para constituírse en Departamento propio) do actual Departamento de Dereito Público Especial e Comunicación Audiovisual. A vicerreitora sinala que tras a preceptiva aprobación pola COAP de data 25 de marzo de 2010 solicita a súa aprobación polo Consello de goberno a fin de continuar a tramitación no próximo Claustro.

Apróbase por asentemento.

Punto 14. Toma de acordo, se procede, sobre a solicitude de creación da Facultade de Comercio presentada pola E.U. de Estudos Empresariais e sobre a alegación presentada pola Facultade de CC. Económicas e Empresariais.

O reitor cede a palabra á secretaria xeral quen expón que con rexistro de entrada de data 30 de xullo de 2010 solicitouse a iniciación do expediente de modificación do nome da E. U. de Estudos Empresariais da Universidade de Vigo polo de Facultade de Comercio. Que posteriormente con dada de 12 de novembro de 2010 recibíuse na secretaría xeral a memoria actualizada da solicitude do cambio de denominación da E.U. de Estudos Empresariais.

Seguidamente, a secretaria xeral informa que o procedemento a seguir está descrito no artigo 12.2 dos Estatutos da UVIGO que establece que o Consello de Goberno iniciará o expediente de creación, modificación ou supresión dunha facultade ou escola, debendo ser exposto con anterioridade para información da comunidade universitaria durante, polo menos, un mes.

Continua dicindo que o expediente de cambio de nome da E.U. de Estudos Empresariais foi exposto a información da comunidade universitaria dende o día 16 de novembro ata o día 23 de decembro de 2010, a fin de que se fixeran as alegacións que se estimaran oportunas, presentándose unha alegación pola Facultade de CC. Económicas e Empresariais.

No caso de que fose aceptada a proposta de cambio de estudos haberá que remitila ao Consello Social para que emita o informe favorable, ao Claustro para que emita informe preceptivo e finalmente á Xunta de Galicia para a súa aprobación, debéndose informar á Conferencia Xeral de Política Universitaria

Ábrese a quenda de intervencións:

Intervén o Prof. Patricio Sánchez, Director da Escola, que fai a intervención que se recolle no **Anexo VI.**

Intervén o Prof Santiago Gómez Fraiz, como Decano da Facultade de CC Económicas e Empresariais, que expón que ante o inicio dos trámites por parte da Xunta da Escola Universitaria para modificar o seu actual nome polo de Facultade de Comercio, a Xunta de

Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais, na súa reunión ordinaria de data 15 de decembro, acordou por ampla maioría presentar a alegación que describe e xustifica a continuación. Finaliza a exposición solicitando suspender o procedemento para estudar máis en detalle as diversas posibilidades e alternativas existentes, entre as que estaría a posible integración da E.U. de Estudos Empresariais e a Facultade de CC. Económicas e Empresariais nun único centro, para posteriormente tomar unha decisión consonte cos resultados acadados e poder traer o acordo a Consello de Goberno.

Intervén o Prof. Carlos de Miguel para facer unha valoración sobre a procedencia de crear unha nova Facultade nun ámbito de coñecemento que xa está creado; pregúntase se desde o punto de vista docente e racionalidade do gasto económico é aconsellable a existencia de dúas Facultades na mesma cidade. Opina que debería valorarse a procedencia de optar pola forma xurídica de fusión de ambos centros en un, seguindo as experiencias de outros centros na mesma Universidade de Vigo. Expresa o seu apoio á alegación presentada e a necesidade de explorar outras solucións como a proposta e a súa confianza na posibilidade de traer un acordo ao Consello de Goberno

Intervén o Sr. Estevo Sánchez para dicir que non ve problema en suspender o proceso de cambio de denominación e explorar outras solucións.

Intervén o Prof. Jaime Cabeza para dicir que, aínda que reconece como lexítima a postura da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais, está de acordo con unha fusión a longo prazo ou o que vaia en prol da racionalidade e da eficiencia, pero que non ve a relación entre o rexeitamento ao cambio de nome que propón a alegación, xa que non condiciona unha fusión no futuro.

Intervén de novo o Prof. Patricio Sánchez para dicir que non se trata da creación dun novo centro senón dun cambio de nome e que pasaría a chamarse Facultade de Comercio.

Intervén o Reitor para dicir que se procede á votación:

Votos a favor da proposta da E.U. de Estudos Empresariais: 5

Votos a favor da petición de suspensión do procedemento no senso exposto na alegación presentada pola Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais: 22

Abstencións: 8

Punto 15. Aprobación, se procede, dos seguintes convenios: : Convenio Marco de Colaboración entre a Universidade de Vigo e a Benemérita Universidad Autónoma de Puebla (México); Convenio Específico para o intercambio de estudantes entre a Universidade de Vigo, España e a Benemérita Universidad Autónoma de Puebla (México); Convenio Marco de Colaboración entre a Universidade de Vigo e o Instituto Superior Politécnico Gaya; Convenio Marco de Colaboración entre a Universidade de Vigo e a Universidad Veracruzana (México); Convenio Específico de Colaboración entre a Universidade de Vigo (España) e a Universidad Veracruzana (México); Convenio Marco de Colaboración entre a Universidade de Vigo e a Fundación Consorcio Ecuatoriano para el Desarrollo de Internet Avanzado (CEDIA); Convenio de Intercambio Académico entre a Universidade de Vigo, España e Research Institute of Electrical Communication, Tohoku University, Japón; Convenio Específico de Colaboración para o

intercambio de estudantes entre a Universidade de Vigo (España) e a Universidad Católica del Norte (Chile); Convenio Marco de Colaboración entre a Universidade de Vigo e a Universidad Mesoamericana del Golfo (UMAG); Convenio Específico de Colaboración entre a Universidade de Vigo (España) e a Universidad Mesoamericana del Golfo (UMAG) (MÉXICO) para o intercambio de estudantes; Convenio Marco e Colaboración entre a Universidade de Vigo e a Escuela Politécnica del Ejército (Ecuador).

Apróbanse por asentemento.

Punto 16. Elección da Comisión de Estudos de Posgrao.

Cédese a palabra á secretaria xeral que indica que segundo o artigo 25 do regulamento de réxime interno de Consello de Goberno a Comisión de Estudos de Posgrao está integrada polo Reitor, un profesor doutor con vinculación permanente á universidade, nomeado polo Reitor, que actuará de Secretario e 7 profesores doutores con vinculación permanente á universidade que teñan recoñecido, polo menos, un sexenio de investigación.

Os profesores que presentaron a súa candidatura son:

- * Anaya Revuelta, Inmaculada. Campus Vigo. Ámbito de coñecemento: Humanidades
- * Arias Acuña, Alberto Marcos. Campus Vigo. Ámbito de coñecemento. Tecnoloxía
- * Domínguez Martín, Jorge. Campus Vigo. Ámbito de coñecemento: Ciencias experimentáis
- * Fernández Briera, Almudena. Campus de Vigo. Ámbito de coñecemento: Ciencias experimentáis
- * Lamas Castro, José Antonio. Campus Vigo. Ámbito de coñecemento: Ciencias experimentáis
- * Lorenzo Cimadevila, Henrique. Campus Pontevedra. Ámbito de coñecemento: Tecnoloxía
- * Pazó Martínez, M^a Consuelo. Campus de Vigo. Ámbito de coñecemento: Ciencias xurídico-sociais
- * Presa Martínez, Pablo. Campus de Vigo. Ámbito de coñecemento: Ciencias experimentáis
- * Reboreda Morillo, Susana. Campus de Ourense. Ámbito de coñecemento: Humanidades

Dado que se presentaron 9 candidaturas é preciso celebrar eleccións. Procedese á votación , quedando constituída a Comisión de Estudos de Posgrao por:

- * Anaya Revuelta, Inmaculada. Campus Vigo. Ámbito de coñecemento: Humanidades
- * Arias Acuña, Alberto Marcos. Campus Vigo. Ámbito de coñecemento. Tecnoloxía
- * Domínguez Martín, Jorge. Campus Vigo. Ámbito de coñecemento: Ciencias experimentáis
- * Fernández Briera, Almudena. Campus de Vigo. Ámbito de coñecemento: Ciencias experimentáis
- * Lorenzo Cimadevila, Henrique. Campus Pontevedra. Ámbito de coñecemento: Tecnoloxía
- * Pazó Martínez, M^a Consuelo. Campus de Vigo. Ámbito de coñecemento: Ciencias xurídico-sociais
- * Reboreda Morillo, Susana. Campus de Ourense. Ámbito de Coñecemento: Humanidades

Punto 17. Elección da comisión de reclamacións a prazas de profesorado contratado.

Cédese a palabra a Secretaria Xeral que informa que segundo o artigo 26 do regulamento de réxime interno de Consello de Goberno esta comisión está integrada pola Vicerreitora de Profesorado, 1 estudante e 6 profesores con vinculación permanente á Universidade, garantindo a presenza de 1 por cada ámbito científico existente na Universidade de Vigo, e dos que, polo menos, 4 terán que posuír o título de doutor ou doutora.

No sector de profesorado presentáronse 6 candidaturas que cumpren os requisitos esixidos no regulamento de réxime interno de Consello de Goberno polo que non é preciso celebrar eleccións.

No sector de estudantes non se presentou ningunha candidatura.

A comisión de reclamacións a prazas de profesorado contratado quedaría constituída por:

* A Vicerreitora de Ordenación Académica, Profesorado e Titulacións, que actuará de Presidente
Polo sector de Profesorado:

- * Cancela Carral, José María. Ámbito de coñecemento: Xurídico Social
- * Iglesias Randulfe, M^a Teresa. Ámbito de coñecemento: Ciencias Experimentáis
- * Rodríguez Hernández, Pedro S. Ámbito de coñecemento: Tecnolóxico
- * Vaquero Diaz, M^a Beatriz. Ámbito de coñecemento: Humanístico.
- * Gutierrez Sanchez, Agueda. Ámbito de coñecemento: Xurídico Social
- * Pérez Iglesias, Teresa. Ámbito de coñecemento: Tecnolóxico

Polo sector de estudantes: queda 1 vacante

Punto 18. Constitución da Comisión de Biblioteca.

Cédese a palabra ao vicerreitor de Economía e Planificación quen informa de que segundo o artigo 14 do regulamento da Biblioteca Universitaria a Comisión de Biblioteca é un órgano consultivo da xunta de goberno e do reitor que contribúe ao cumprimento dos fins e mellora da calidade do servizo A súa composición establécese no artigo 14 da devandita normativa. O vicerreitor fai a seguinte proposta:

Polo sector de Persoal Docente e Investigador

- * Estrella Alvarez Da Costa
- * Carmen Ruiz Hidalgo
- * Alexandre Rodríguez Guerra
- * Ines Iglesias Canle
- * José María Matías Fernández
- * Lorenzo Pastrana Castro
- * Luís Muñoz López
- * Carmen López de Aguieta Clemente
- * Francisco J. Pérez Rodríguez

Polo Sector PAS

- * Rosario Pascual Matarranz subdirectora de Biblioteca Central de Pontevedra
- * Ana Díos Parada , Axudante de arquivos e Bibliotecas (Ourense)
- * Aurelio Casal Blanco, Técnico especialista en Bibliotecas (Vigo)

Aprobase por asentemento.

Punto 19. Rogos e preguntas.

Ábrese unha quenda de preguntas.

Intervén o Prof. Enrique Barreiro para preguntar por cuestións que gardan relación co sistema de calidade, polos criterios contidos na plataforma relativos á cumplimentación do VAD, por cuestión relativas aos certificados que acrediten a celebración e asistencia a cursos de innovación docente organizados polos centros e se é competencia da Vicerreitoría de Docencia e Calidade emitir o seu certificado e pola súa validez de cara á Docencia , tamén se interesa polo sistema de gravación de leccións en “píldoras” pola UVIGOTV e por se é posible enviar previamente as enquisas de satisfacción ao profesorado

Resposta o Vicerreitor de Alumnado, Docencia e Calidade que o día 17 de marzo houbo unha reunión no Campus de Ourense para informar sobre os procesos e a situación do calendario do sistema de avaliación de sistemas de calidade. Que se está reflexionando sobre o sistema VAD e se é adecuado que acabe integrado no contrato programa; que se está pensando en enviar os datos sen elaborar previos ao informe. Polo que se refire aos asuntos dos certificados o vicerreitorado de Alumnado, Docencia e Calidade non expide certificados nos que non haxa intervido no seu desenvolvemento ou non teña un control previo sobre a organización dos cursos.

Intervén o Prof. Armando Caballero para facer preguntas sobre os criterios no pagamento da produción científica do ano que ven.

Intervén o Vicerreitor de Economía e Planificación dicindo que serán os adecuados conforme ao orzamento disponible

Intervén o Prof. Alejandro Pereira para preguntar polo sistema de control de folgas. Tamén solicita una declaración institucional de apoio ao desastre de Xapón causado polo terremoto.

Intervén o Prof. Luís Muñoz para facer a exposición que consta como **Anexo VII**.

Intervén a Prof^a Ana María Mejias para informar sobre o proceso de fusión da Escola de Enxeñaría industrial

Intervén a Prof^a. Edita Lorenzo para facer preguntas sobre a Oficina de. Software Libre.

Intervén o Prof. Jaime Cabeza para facer preguntas sobre o procedemento de reclamacións da produción científica, e sobre o pagamento de atrasos nos complementos de excelencia curricular.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 13,30 horas do día 29 de marzo de 2011 da que eu como secretaria xeral dou fe co visto e prace do reitor.



Salustiano Mato de la Iglesia

A secretaria xeral

M^a. Inmaculada Valeije Álvarez

